



**Resolución da Alcaldía
Expediente 264/2019**

Visto o acordo de concesión de subvención concedida pola Directora da Axencia de Turismo de Galicia de data 29 de abril de 2019 e dictada ao amparo do previsto na Resolución do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG do 22 de xaneiro de 2019 núm. 15) con corrección de erros de 22.05.2019

Visto o acordo de aprobación de Bases adoptado mediante Resolución da Alcaldía do 23.05.2019.

Vistas as solicitudes de oferta ao servizo público de emprego de 22.05.2019 con ampliación de 10.06.2019.

Visto que reunido o Tribunal Cualificador en data de 13.06.2019 obtéñense os seguintes resultados emitíndose proposta de nomeamento en favor de Gonzalo Gutierrez Piñeiro e Rebeca Martínez Currás.

	MÉRITOS		TOTAL
	a.IDIOMAS	b.EXPERIENCIA PROFESIONAL	
GUTIERREZ PIÑEIRO, GONZALO	1,50	2,10	3,60
MARTINEZ CURRÁS REBECA	1,25	0,30	1,55
PADIN GUILLAN, SAMUEL	1,25	0,00	1,25
MATEO GUTIERREZ M CARMEN	0,00	0,00	0,00

Visto que D^a Rebeca Martínez Currás, con data de 14.06.2019 renunciou ao posto para o cal foi seleccionada e D. Samuel Padín Guillán aporta a documentación requirida polas Bases do proceso selectivo con data de 14.06.2019, sendo posible o seu chamamento ao atoparse en lista de espera de acordo coa Base novena do proceso selectivo.

En uso das competencias en materia de xefatura de persoal atribuídas pola lexislación de réxime local,

RESOLVO:

1.Nomear e acordar a contratación de D. Gonzalo Gutierrez Piñeiro e D. Samuel Padín Guillán en réxime laboral temporal, xornada a tempo parcial (25 horas semanas de luns a domingo) na modalidade de contrato eventual por circunstancias da produción entre o 15.06.2019 e o 15.09.2019.

FATIMA ABAL ROMA (1 para 2)
Alcaldeza en Funcións
Data de Sinatura: 14/06/2019
HASH: b59ac7a00814f1b198f1c8c24a4e6ee

MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR (2 para 2)
SECRETARIO
Data de Sinatura: 15/06/2019
HASH: c4bdf470637bfe2bcaadcdca52e6990c



DECRETO
 Número: 2019-0671 Data: 14/06/2019

 Cod. Verificación: 76DWZ395P7RQ32K6HLHFRGL3M | Corrección: http://cambados.sedelectronica.gal/

2.A presente Resolución surtirá efectos o vindeiro **15.06.2019**, data de alta dos traballadores e do inicio da prestación dos servizos de referencia.

3.No caso de que algún das traballadoras contratados renuncie ao contrato antes da súa finalización o Concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante entre os aspirantes seguintes integrados na lista de espera.

4.Ordenar a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Edictos do Concello.

Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Non obstante, o interesado tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime procedente con arranxo a dereito.

O que lle traslado para o seu coñecemento e efectos.

Cambados

A Alcaldesa en Funcións

O Secretario

Fátima Abal Roma

Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor

Data: 14/06/2019

DECRETO
Número: 2019-0671



Cod. Verificación: 76DWZ395F7R032K6HLHFRGL3M | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>